

ANTEPROXECTO DE DECRETO ___/2021, POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO POLO QUE SE ESTABLECE O RÉXIME APLICABLE Á SEGUNDA ACTIVIDADE DO PERSOAL DAS ESCALAS DE AXENTES FORESTAIS E AXENTES FACULTATIVOS MEDIOAMBIENTAIS ADSCRITOS AOS DISTRITOS FORESTAIS DO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

A adscrición en segunda actividade do persoal das escalas de axentes forestais e facultativos medioambientais ten por finalidade garantir a eficacia do servizo público e, ademais, dar resposta a unha situación persoal na que se pode atopar un funcionario que ten que desenvolver unas funcións que lle esixen manter en todo momento unha adecuada aptitude psicofísica. As funcións do persoal funcionario adscrito ao Servizo de Prevención de Incendios Forestais son eminentemente operativas e, en ocasións, arriscadas e perigosas, polo que requiren manter determinadas aptitudes psicofísicas que van diminuindo coa idade. A situación de segunda actividade pretende corrixir esta desigualdade con respecto a outros colectivos e permite ao persoal que integra as escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais pasar a outra actividade e á ocupación doutro posto de traballo cando vexan sensiblemente diminuídas por razón de idade as súas aptitudes para o normal desempeño das súas funcións.

A Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, deu cobertura legal ao disposto no “Acordo sobre as condicións de traballo dos axentes forestais e medioambientais” asinado no ano 2018, e engadiu unha nova disposición adicional á Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia. A Disposición adicional décimo cuarta establece a institución da segunda actividade voluntaria para o persoal das referidas escalas, que define como “o pase á realización de tarefas que non impliquen unha prestación directa de labores de extinción de incendios”. Tal como se prevé neste precepto, a medida require dun desenvolvemento regulamentario, logo de negociación coas organizacións sindicais.

Froito desa negociación, o presente proxecto de regulamento desenvolve o réxime aplicable á segunda actividade do persoal das escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais adscritos aos distritos forestais do Servizo de Prevención de Incendios Forestais. A segunda actividade queda configurada neste texto como “a adscrición voluntaria por razóns de idade das persoas funcionarias das escalas incluídas dentro do ámbito de aplicación que desempeñen postos de traballo encadrados nos distritos forestais da consellería competente en materia de incendios forestais a outro posto de traballo, do mesmo ou distinto corpo ou escala, coa finalidade de que non teña que realizar tarefas operativas de intervención directa en incendios forestais”. O desenvolvemento regulamentario do seu réxime inclúe a definición do procedemento e a determinación dos postos de traballo que se poden desempeñar en segunda actividade, a atribución da competencia para declarar a situación e realizar a adscrición á persoa titular da consellería con competencias en materia de función pública e, tamén, os efectos da declaración, tanto económico como administrativos.

Por todo o anterior, por proposta da persoa titular da Consellería de Facenda e Administración Pública, convocadas e oídas as organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos e logo da negociación correspondente, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia e previa deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día ____,

DISPOÑO:

Capítulo I.- Disposicións xerais.

Artigo 1.- *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O presente decreto ten por obxecto regular o réxime aplicable á segunda actividade prevista na Disposición adicional décimo cuarta da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, mediante a que o persoal incluído dentro do ámbito de aplicación poderá ser adscrito voluntariamente a un posto de traballo no que non sexa necesario realizar tarefas operativas de intervención directa en incendios forestais.

2. O ámbito de aplicación circunscríbese ao persoal das escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais adscritos aos distritos forestais da consellería competente en materia de incendios forestais.

Artigo 2.- *Definición.*

Enténdese por segunda actividade a adscrición voluntaria por razóns de idade das persoas funcionarias das escalas incluídas dentro do ámbito de aplicación que desempeñen postos de traballo encadrados nos distritos forestais da consellería competente en materia de incendios forestais a outro posto de traballo, do mesmo ou distinto corpo ou escala, coa finalidade de que non teña que realizar tarefas operativas de intervención directa en incendios forestais.

Artigo 3.- *Requisitos.*

Poderase solicitar o pase á situación administrativa de segunda actividade e a asignación doutro posto de traballo coa antelación prevista no número 2 do artigo 6 desde decreto cando se reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar na situación de servizo activo nalgunha das escalas incluídas dentro do ámbito de aplicación.
- b) Ter cumpridos os 60 anos de idade.
- c) Ter prestados servizos durante polo menos 25 anos en postos de adscrición das referidas escalas ou especialidades.

Capítulo II.- *Asignación de postos e retribucións na situación de segunda actividade.*

Artigo 4.- *Determinación dos postos de traballo asignados na situación de segunda actividade.*

1. A adscrición poderá realizarse a un posto de traballo reservado a persoal funcionario de calquera corpo ou escala, de administración xeral ou especial, do mesmo ou inferior grupo ou subgrupo de clasificación do de orixe da persoa do solicitante no ámbito da Administración xeral da Xunta de Galicia ou, das entidades do artigo 45.a) da Lei 16/2020, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sempre que posúa a titulación concreta esixida para o ingreso ao corpo ou escala do posto ao que se solicita o pase.

2. A adscrición realizarase con carácter prioritario a postos da mesma escala que non estean adscritos ao distritos do Servizo de Prevención de Incendios Forestais e, sempre e cando exista posto vacante de necesaria provisión no ámbito territorial solicitado polo interesado. No caso de que a adscrición poida realizarse a varios postos da propia escala de axentes forestais ou de axentes facultativos

medioambientais pertencentes a diferentes consellerías, a adscrición realizarase á consellería de pertenza do solicitante.

3. Cando coincidan non tempo varias solicitudes de pase a segunda actividade que impliquen unha concorrencia competitiva, a determinación da preferencia para adxudicar un posto de traballo atenderá aos seguintes criterios de prioridade:

1º.- Maior antigüidade na escala ou especialidade de orixe da persoa funcionaria.

2º.- Maior antigüidade no posto de orixe da persoa funcionaria.

3º.- Maior idade.

Artigo 5.- Retribucións na situación de segunda actividade.

1. O persoal en situación de segunda actividade percibirá a totalidade das retribucións que lle correspondan polo posto de traballo desempeñado efectivamente.

2. Se o nivel de clasificación e a contía do complemento específico previstos na relación de postos de traballo para o posto ao que se adscriba no momento do pase á situación de segunda actividade son inferiores aos previstos na do posto desde o que solicita o pase á nova situación, terá dereito a percibir un complemento persoal non absorbible dunha contía igual á diferenza entre eles, que experimentará as variacións anuais de acordo co previsto nas leis anuais de orzamentos.

3. O tempo de servizos prestados na situación de segunda actividade computarase para os efectos de perfeccionamento de trienios do subgrupo de clasificación da escala de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais de pertenza.

Capítulo III.- *Procedemento.*

Artigo 6.- Inicio do procedemento (código de procedemento ____).

1. O procedemento de declaración na situación administrativa de segunda actividade e adscrición a un posto de traballo en tal situación (código de procedemento ____) iniciarase mediante solicitude da persoa interesada dirixida ao centro directivo competente en materia de función pública e presentada cunha antelación de tres meses á data na que pretenda exercer o dereito, sempre que nese intre reúna os requisitos establecidos no artigo 3 deste decreto e nela deberá indicar o ámbito territorial dentro do que pretende que se realice a adscrición a un posto de traballo na situación de segunda actividade.

2. Presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 7.- Remisión da listaxe de postos aos que se solicita ser adscrito en segunda actividade.

1. A unidade correspondente do centro directivo competente en materia de función pública elaborará unha “Relación de postos susceptibles de desempeñar en segunda actividade”, en función do ámbito territorial sinalado polo interesado na súa solicitude, na que se incluírán todos os postos susceptibles de ser desempeñados polo solicitante de acordo cos números 1 e 2 deste artigo e que se consideren de necesaria provisión.

2. Unha vez confeccionada, notificaráselle ao solicitante, para que dentro do prazo de dez días remita a listaxe de postos de traballo a que solicita ser adscrito, ordenada segundo orde de preferencia, segundo.

Artigo 8.- *Declaración da situación administrativa.*

1. Correspóndelle á persoa titular da consellería competente en materia de función pública declarar á persoa funcionaria solicitante na situación de segunda actividade e adscribila con tal carácter a un posto de traballo no ámbito territorial definido na solicitude.

2. A resolución que poña fin ao procedemento debe adoptarse no prazo máximo de tres meses desde a data de entrada da solicitude ou, se é o caso, da súa emenda e o vencemento dese prazo máximo sen ter notificado resolución expresa lexítimará á persoa interesada para entender estimada a súa solicitude por silencio administrativo. Esta resolución porá fin á vía administrativa.

3. A resolución que se adopte declarará:

a) O pase á situación administrativa de segunda actividade do solicitante.

b) A adscrición con carácter definitivo ou interino, segundo proceda, ao posto de traballo de cobertura necesaria e tendo en conta as preferencias expresadas polo funcionario interesado.

4. No suposto de que non exista posto vacante ao que adscribir á persoa solicitante, a resolución declarará o pase á situación administrativa de segunda actividade e o dereito a ser adscrito á primeira vacante dun posto susceptible de desempeño, segundo o disposto no artigo 4 do presente decreto, no ámbito territorial elixido.

En tanto non se produza a anterior adscrición, a persoa solicitante seguirá adscrito ao posto de traballo nunha situación de segunda actividade en expectativa de destino e eximido de realizar tarefas operativas de intervención directa en incendios forestais.

Artigo 9.- *Efectos da adscrición a un posto de traballo na situación de segunda actividade.*

1. A toma de posesión do posto adxudicado na situación de segunda actividade producirase no seguinte día hábil ao do cesamento no posto de orixe, que, pola súa parte, se producirá necesariamente no prazo improrrogable dos tres días seguintes ao da notificación da resolución.

2. Os efectos económicos da adscrición en segunda actividade serán do primeiro día do mes seguinte ao da toma de posesión, agás que esta se produza o primeiro día hábil dun mes, suposto no que os efectos económicos coincidirán cos efectos administrativos da toma de posesión.

3. Unha vez declarado na situación de segunda actividade, o persoal poderá pasar a outra situación administrativa sempre que reúna os requisitos esixidos para o acceso a ela. O reingreso na situación de segunda actividade producirase no momento do cesamento nesa situación administrativa.

4. O persoal declarado en situación de segunda actividade poderá solicitar o reingreso á situación de servizo activo na escala ou especialidade na que estea en situación de segunda actividade, que se producirá mediante a participación nas convocatorias de concurso ou de libre designación para a provisión de postos de traballo ou mediante adscrición provisional a un posto de traballo, de acordo coas necesidades do servizo, nos termos regulados no artigo 97 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Artigo 10.- Carácter da adscrición en segunda actividade.

A adscrición en segunda actividade do persoal funcionario de carreira terá carácter definitivo e a do persoal funcionario interino terá o mesmo carácter interino que mantíña no posto desde o que pasa á situación de segunda actividade. O cesamento do persoal interino en situación de segunda actividade producirase, ademais de polas causas que determinan a perda da condición de persoal funcionario de carreira, cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 24.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, referidas ao posto de adscrición en segunda actividade.

Artigo 11.- Notificacións.

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 12.- Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 13.- *Comprobación de datos.*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI da persoa solicitante.
- b) Títulos oficiais universitarios.
- c) Títulos oficiais non universitarios

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Disposición adicional primeira.- *Normas supletorias.*

No non previsto neste decreto, terán carácter supletorio as disposicións contidas no Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, aprobado mediante Decreto 93/1991, de 20 de marzo.

Disposición adicional segunda.- *Actualización dos modelos normalizados.*

De conformidade coa Disposición adicional sexta da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o/s modelo/s normalizado/s aplicable/s na tramitación do/s procedemento/s regulado/regulados nesta disposición, poderá/n ser actualizado/s co fin de mantelo/s adaptado/s á normativa vixente. A estes efectos será suficiente a publicación do/s modelo/s actualizado/s na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estará/n permanentemente accesible/s para todas as persoas interesadas, sen que sexa necesaria unha nova publicación no Diario Oficial de Galicia.

Disposición final única. O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
DECLARACIÓN E ADSCRICIÓN NA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE SEGUNDA ACTIVIDADE DO PERSOAL DAS ESCALAS DE AXENTES FORESTAIS E AXENTES FACULTATIVOS MEDIOAMBIENTAIS ADSCRITOS AOS DISTRITOS FORESTAIS DO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS		SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA			LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2		CORREO ELECTRÓNICO				

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal	
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.	
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO	
SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DA PERSOA SOLICITANTE	
ÁMBITOS TERRITORIAIS DA SOLICITUDE DA ADSCRICIÓN EN SEGUNDA ACTIVIDADE	
1.	2.
3.	4.

COMPROBACIÓN DE DATOS	OPÓÑOME Á CONSULTA
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	
DNI	<input type="radio"/>
Títulos oficiais universitarios	<input type="radio"/>
Títulos oficiais non universitarios	<input type="radio"/>





ANEXO I
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Facenda e Administración Pública.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarios dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Disposición adicional décimo cuarta da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.
 Decreto do __ de _____ de ____ pola que [(código de procedemento XXXXXX)] [(Diario Oficial de Galicia número __, do __)]

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--

Dirección Xeral da Función Pública



Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora





ANEXO II

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
DECLARACIÓN E ADSCRICIÓN NA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE SEGUNDA ACTIVIDADE DO PERSOAL DAS ESCALAS DE AXENTES FORESTAIS E AXENTES FACULTATIVOS MEDIOAMBIENTAIS ADSCRITOS AOS DISTRITOS FORESTAIS DO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS		SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF			
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA			LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO	LOCALIDADE			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <https://notifica.xunta.gal>

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO

RELACIÓN DE POSTOS AOS QUE SE SOLICITA A ADSCRICIÓN EN SEGUNDA ACTIVIDADE

Nº	CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO
1		
2		
3		
4		
5		

LEXISLACIÓN APLICABLE


Disposición adicional décimo cuarta da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Decreto do ___ de _____ de ___ pola que [(código de procedemento XXXXX)] [(Diario Oficial de Galicia número __, do __)]

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

Lugar e data					
	,		de		de

Dirección Xeral da Función Pública



Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora



Xacobeo 2021



Xacobeo 2021